

xornalescolar

La Región
miércoles 9 de marzo
número 59 segunda época

Los
derechos
de los
niños P.12

Os nenos apostan pola cociña saudable

O colexio Divino Maestro participou no programa de Telemiño onde nos fixemos partícipes das actividades que realizan, unha delas o obradoiro de arte culinario P.8-11

MANUEL OJEA nos habla sobre
autismo y acoso escolar

P.13

O colexio Miraflores, finalista do
concurso "Haz tu propio Xornal"

P.8-11



ENTREVISTA A LA DIRECTORA
YOLANDA ÁLVAREZ, directora de CARMELITAS: "La Xunta de Galicia otorgó un galardón al Club Vedruna"

P.14-15

COLABORA



aulas abertas

COLEXIO PLURILINGÜE DIVINO MAESTRO



Innovación educativa

O **DIVINO MAESTRO** é un colexio plurilingüe que aposta firmemente polo incremento progresivo dunha nova lingua estranxeira e polo uso das novas tecnoloxías



Cristina Rodríguez
O Colexio Plurilingüe "Divino Maestro" é un colexio concertado de Ideario Católico pertencente á Congregación das Misioneras do Divino Maestro fundada por Francisco Blanco Nájera (que foi Bispo de Ourense) e Madre Soledad de la Cruz a mediados do século pasado.
Este centro de ensino ourensán de referencia, aposta firmemente pola innovación educativa e para elo fai uso de novas metodoloxías de ensino co fin principal de dirixir a educación dos seus alumnos moito máis alá do aspecto estritamente académico, chegando a alcanzar todos os ámbitos da persoa. Un claro exemplo deste método xa se pode ver reflexado en Educación Infantil, onde se aposta polo traballo en "Inteliencias Múltiples", teoría impulsada por Howard Gardner. Por outra banda, en Primaria impulsan a aprendizaxe cooperativa, favo-

recendo así o traballo en equipo, e xa na ESO se continúa cun traballo centrado nas metodoloxías adquiridas.

"Diriximos a educación dos alumnos máis alá do aspecto académico, a todos os ámbitos da persoa"

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA
Como centro plurilingüe que é, o colexio Divino Maestro está a apostar polo incremento progresivo da primeira lingua estranxeira, neste caso o inglés, non só no currículo dos seus alumnos impartindo algunhas asignaturas en inglés como é a asignatu-

ra de Plástica en Primaria e a Educación Física en Secundaria, senón tamén coa presenza durante todo o curso do Auxiliar de Conversa, que está a contribuír a incrementar a competencia lingüística dos alumnos así como a participación dentro do Plan BEDA de fomento do Plurilingüismo. Estes métodos de aprendizaxe dunha nova lingua dende idades temperás están a resultar do máis froitíferos curso tras curso xa que as melloras no alumnado son notables.

NOVAS TECNOLOXÍAS
Outro dos puntos fortes do colexio Divino Maestro son as novas tecnoloxías, tan importantes na formación actual e socialmente en auxe. No centro utilízanse en cada unha das aulas, grazas ás pizarras dixitais, as dúas aulas de informática coas que contan, así como as aulas do proxecto Abalar en primeiro e segundo da ESO, dotadas de ultraportátiles para o alumnado.



FICHA DO CENTRO

CENTRO Colexio Plurilingüe Divino Maestro Nº ALUMNOS: 320	OFERTA EDUCATIVA Infantil, Primaria, Secundaria e Educación Especial Nº MESTRES: 25
---	---



Catro cativos de Infantil, moi aplicados nas súas tarefas.



Un grupo de alumnos do centro posa ante o busto de Francisco Blanco Nájera.

M. PINAL



ESTE É O MEU COLEXIO

Compromiso de educar para a vida

O DIVINO MAESTRO acolle cada curso numerosas actividades que deixan unha forte pegada no alumnado

Moito máis alá da formación puramente académica ou do resultados das probas ás que se somete ao alumnado está o compromiso firme do colexio Divino Maestro por educar para a vida. Para elo seguen unha serie de pautas ou prioridades que fan que este obxectivo sexa ano tras ano unha realidade. Deste xeito predomina un magnífico ambiente de acollida e amizade. Tamén xoga un papel fundamental a organización de actividades de gran calado que deixan unha forte pegada no alumnado, exemplo disto son por exemplo a Feira das Ciencias, as Xornadas Misións, os Grupos Divino Maestro...

Neste afán de educar para a vida xoga un papel fundamental a aposta polas novas metodoloxías, a utilización das novas tecnoloxías dixitais e o plurilingüismo no que todos xuntos traballan con esmero. Non podemos esquecer nos que ningún destes obxectivos serían posibles de non ser pola par-

Portas abertas á comunidade educativa e a todo o barrio

ticipación das familias en todas as actividades que lles propón o centro en continuo proceso de formación mediante Escolas de pais, comisións e tutorías grupais.

As actividades extraescolares son outro punto forte do centro que ademais é promotor de actividades físicas e deportivas, actividades en inglés dende os máis cativos ata adultos, actividades culturais de guitarra, teatro e ANPA e por último, a apertura do centro non só á comunidade educativa (pais, profesores e alumnos), senón tamén ao barrio, podendo participar nas actividades todo aquel que o desexe.

O CENTRO POR DENTRO



AUXILIAR DE CONVERSA
Peter Beisly axuda coa correcta pronunciación e a mellora do idioma.



ESCOLARES MOI UNIDOS
A boa relación entre alumnado e profesores converte o centro nun lugar máximo.



O POLIDEPORTIVO
Trátase un espazo moi ben equipado para a actividade física e deportiva.



O grupo de alumnos e alumnas de SECUNDARIA, no patio do colexio.



UN CENTRO CHEO DE ENCANTO
Un grupo de nenas posan ante o busto da Madre Soledad de la Cruz.

aulas abertas

COLEXIO PLURILINGÜE DIVINO MAESTRO



O CONCURSO EN TELEMIÑO

Escolares dinámicos e moi aplicados

NO COLEXIO DIVINO MAESTRO contan cos medios tecnolóxicos máis punteiros aos que recurren para brindarlle aos seus alumnos unhas clases máis dinámicas e atractivas



Cristina Rodríguez

Non cabe a menor dúbida de que as actividades que se celebran fóra do centro de ensino son as máis chamativas para o alumnado, pero se por riba se trata de gravar un programa na tele, a proposta cobra aínda maior expectación. Escolares do colexio Divino Maestro visitaron o plató de Telemiño para participar no programa Xornal Escolar, onde gozaron de intreos do máis divertidos e amosaron as súas habili-

dades á hora de expresarse ante as cámaras. Mari Luz Grande Blanco foi a profesora que se someteu ás preguntas dos escolares e quen superou con éxito cada un dos acertixos aos que a someteron.

Tras un vídeo de presentación do centro, onde percorreron varios espazos e aulas como o ximnasio, onde acollen os acontecementos deportivos do centro, unha aula de Infantil, e as de 2ª e 3ª de Primaria onde descubriron o que estaban a realizar os escolares, chegou entón o mo-

mento do comezo do xogo. Mari Luz tivo que adiviñar obxectos, accións e personaxes cunhas pistas que os propios alumnos do colexio lle proporcionaron con moita habilidade. Mari Luz pola súa banda respondeu con moito acerto a cada unha das preguntas.

"Contamos con profesores moi novos, con moita enerxía"

Non faltou o visionado do vídeo adicado a unha das actividades que máis éxito ten no colexio a "Feira das Ciencias". Xa se leva celebrando dende hai varios anos no centro e gústalles moito polo feito de investigar, coñecer aspectos interesantes e experimentar. Trátase dunhas xornadas portas abertas á creatividade e na que tamén acoden pais e familiares dos escolares.

ROUND 1 CANTO SABE?

Ano do descubrimento de América.

- Hai moitos anos, aínda non nacera



YAGO, ALEJANDRO, ALEJANDRO, JAIME, NICOLÁS e HUGO, minutos antes do programa.

eu. Foi polo ano 1492.

Que expulsan as prantas ploa noite?

- Pode ser anhídrido carbónico.

Cal foi o resultado do último encontro entre o Real Madrid e o Atlético de Madrid.

- Fútbol, que mal, prefiro o baloncesto, pero se me deixades pensalo seguro que me lembro. Pode ser 1 gol para o Atlético e 0 para o Real Madrid.

ROUND 2 O NOSO COLE

Cantos anos leva impartindo clase no noso colexio?

- No cole de Ourense levo uns once anos.

Por que cambiou o noso colexio de ubicación, antes do Xardín do Posío, agora no 21?

- Porque non quedaba máis remedio xa que o colexio do Xardín do Posío xa estaba moi vello de feito eu estudei ali. Normalmente os colexios Divino Maestro están nas periferias das cidades e buscamos que barrio da cidade onde non houbera formación relixiosa e por eso nos decantamos polo 21.

Que cambiaría do noso colexio?

- Varias cousas. O primeiro a clase de



NOA, PAULA, ROCÍO, YAIZA, UXÍA, LUCÍA e CLAUDIA compartiron unha estupenda experiencia televisiva.

"Salgo a camiñar xa que estou a prepararme para facer o Camiño de Santiago"

MARI LUZ GRANDE



ALUMNOS, PRESENTADORES E CONCURSANTES posaron todos xuntos ao remate da gravación.



ISMAEL, ANA, LUCÍA, CONCHI e MARI LUZ, preparados para o inicio do concurso onde o pasaron estupendamente.

informática da ESO para ter mellores equipos e unha clase preciosa.

ROUND 3 A PERSOAA

¿Por que decidiu vostede ser Misionera do Divino Maestro?

- Levárame moito tempo explicalo pero resumindo diría que me enamorei de Xesús Divino Maestro. Gustábame moito ler e leía centos de libros ata que topei coa Biblia e encantoume, parecían cartas escritas para min. E isto xunto a que me gustaban os nenos e o ensino levounme a ser quen son hoxe.

Canto tempo leva exercendo de profesora?

De profesora levarei uns 25 ou 30 anos xa que comecei traballando en campamentos e campos de traballo. Iba aos institutos e impartía tamén clases a adultos.

Cos nosos levo 25 anos.

A que adica o seu tempo libre?

- Fago ioga cos alumnos de 2º de ESO e no tempo libre corrijo exames, preparo as clases para que sexan máis atractivas, tamén adico tempo a meditación e a oración e gústame ler, ver películas e tamén camiñar que me estou preparando para facer o Camiño de Santiago.

Posteriormente visionaron o vídeo

"No meu tempo libre leo, vexo cine e adico tempo á meditación e oración"

de talentos do centro, onde os escolares amosaron diversas habilidades tanto coa música como noutras facetas nas que son verdadeiros expertos. Antes de despedirse, tanto os co-presentadores como a concursante amosáronse encantados coa súa experiencia en televisión.

MAIS EN TELEMIÑO
O vindeiro sábado, ás 11:00 horas emitirase integramente o programa en Telemiño.



O PÚBLICO entregouse dende o primeiro minuto e animaron á profesora.

PRESENTADORES POR UN DÍA

Un, dous, tres... gravando!

**Lucía
Tiago Fernández**

Amante do baloncesto, deporte que practica no equipo do colexio. Non soporta á xente que non escoita.



**Ana Galicia
Bernárdez**

Ana é unha rapaza imaxinativa e creativa. Encántalle o baloncesto. Gústalle a xente con personalidade.



**Ismael Fernández
Pérez**

É un rapaz responsable e maduro. Destaca pola súa serenidade. Híncha acérriño do Barcelona e encántalle xogar ao fútbol.



MARILUZ GRANDE BLANCO

Concursante

Mª LUZ é membro do Equipo Directivo do colexio e Misionera do Divino Maestro. Ademais é profesora de relixión e está moi implicada en toda a labor pastoral do centro.